



**BASES DO PROCESO SELECCIÓN DOS ALUMNOS-TRABALLADORES PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DE EMPREGO "MAIV GARANTÍA XUVENI 2018" .**

**Primeira.- OBXECTO.**

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 2º e 10º da orde do 4 de maio de 2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a **persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil**, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (DOG 23-05-2018), a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección dos alumnos-traballadores participantes no citado proxecto, promovido pola **MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO** e subvencionado pola antedita consellería.

As prazas de alumnos-traballadores que se convocan son:

**-8-prazas** para a especialidades de **DESEÑO DE PRODUTOS GRÁFICOS -Nivel 3.**

**-8-prazas** para a especialidades de **XESTIÓN DE MARKETING E COMUNICACIÓN- Nivel 3.**

**Segunda.- OBRIGAS DOS SELECCIONADOS.**

- ◆ Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas teórico-prácticas.
- ◆ Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas básicas e complementarias no caso de que non posuír a titulación do Graduado Escolar ou Graduado en ESO.
- ◆ Respectar as normas de réxime interior establecidas polos órganos colexiados ou unipersoais do obradoiro de emprego legalmente constituídos.
- ◆ Aceptar o posto de traballo que a través do obradoiro de emprego se lle poida xestionar.

**Terceira.-RELACIÓN XURÍDICA DOS ALUMNOS-TRABALLADORES PARTICIPANTES COA ENTIDADE PROMOTORA DO OBRADOIRO DE EMPREGO.**

1. Desde o inicio da súa participación no obradoiro de emprego, os alumnos- traballadores seleccionados polo grupo de traballo mixto serán contratados pola entidade promotora na modalidade de contrato para a formación e aprendizaxe.
2. Os contratos de traballo serán a xornada completa e non poderá exceder a data de remate do obradoiro de emprego (**O proxecto terá unha duración de seis meses**).

**Cuarta.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**



**a) REQUISITOS XERAIS:**

1. Posuír a capacidade funcional así como a capacidade física para o normal aprendizaxe das ensinanzas a impartir con ocasión do desenvolvemento do proxecto formativo.
2. **Adaptabilidade** á oferta dos postos que se van desempeñar.

**b) REQUISITOS MÍNIMOS:**

1. Persoas de **18 ou máis anos inscritas e en situación de beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.**

Ademais deberán manter o cumprimento dos requisitos exixidos na **Lei 18/2014 modificada polo Real Decreto-lei 6/2016 do 23 de decembro, con carácter previo a participar nos obradoiros de emprego.**

**2. Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.**

3. Cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, as persoas candidatas deberán cumprir os requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os ditos certificados.

**NOTA:** Terán prioridade absoluta as mulleres vítimas de violencia doméstica, incorporadas e beneficiarias do programa de fomento de inserción laboral de mulleres vítimas de violencia, debidamente xustificada (Orde do 2 de maio de 2006-DOG do 10 de maio de 2006).

**d) CAUSAS DE EXCLUSIÓN:**

1. Incumprir os requisitos mínimos
2. Falta de documentación acreditativa.
3. Falsear os datos do cuestionario.
4. A expulsión doutro programa de formación en alternancia co emprego.
5. A participación noutro programa mixto de emprego e formación.

**Quinta.- SISTEMA DE ADMISIÓN: OFERTA DE EMPREGO TRAMITADA Á OFICINA DE EMPREGO.**

1. A OFERTA DE EMPREGO, que será elaborada polo grupo de traballo mixto e asinada polo seu presidente ou en quen delegue, tramitarase a partir do vindeiro **28/08/2018:**



a) **ÁMBITO XEOGRÁFICO:** Concello/os da entidade promotora do proxecto. De non atoparse candidatos suficientes (mínimo dous por posto), ampliarase a sondaxe, cos mesmos requisitos, aos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

b) **REQUISITOS ALUMNOS:** os requisitos establecidos na base cuarta.

c) Número de candidatos a remitir: *ata 3 por posto*, cun nivel profesional de PEÓN, AXUDANTE OU OFICIAL DE 3ª.

2. Realizada a sondaxe, a oficina de emprego comunicará ós candidatos a data e lugar no que deberán comparecer para realizar a SOLICITUDE, e a achega **imprescindible** dos seguintes **documentos**:

- Fotocopia do DNI actualizado.
- Vida Laboral actualizada (aínda que non teña experiencia laboral).
- Acreditación da maior Titulación académica adquirida.
- Acreditación das Competencias Clave adquiridas (se é o caso).
- Acreditación do seu grao e tipo de discapacidade (se é o caso).

Con carácter xeral, delegarase a realización das solicitudes na Entidade Promotora. Os representantes de dita entidade, no grupo mixto de traballo, estarán presentes o día da realización das solicitudes e a recollida de documentación, e atenderán calquera dúbida

As **SOLICITUDES** realizaranse o día 11/09/2018, tendo que presentar nese momento **imprescindiblemente** a documentación necesaria para acreditar os requisitos, sendo motivo de exclusión a falta de dita documentación.

A entidade promotora presentará na sección de escolas obradoiro tódalas solicitudes e documentación pertinente para a súa valoración conxunta polo grupo de traballo mixto.

A **lista de candidatos** que pasan a fase seguinte, exporase na oficina de emprego e na entidade promotora o día 19/09/2018

#### Sexta.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

1. O sistema de selección constará dunha primeira fase de avaliación das circunstancias persoais e profesionais dos candidatos, remitidos pola oficina de emprego, por medio dun **baremo**. ANEXO I. A puntuación correspondente ao baremo será **equivalente ao 75% da puntuación total**.

2. A devandita avaliación complementarase cunha segunda fase que consistirá na celebración dunha **entrevista persoal e/ou a resposta a un cuestionario**, que terá un valor do 25 % da nota final, co obxecto de avaliar o interese dos desempregados enviados



pola oficina de emprego en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo e a adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar.

3. Pasarán á fase de entrevista, co carácter xeral, dous candidatos por posto de traballo. Se, unha vez avaliadas as solicitudes, quedan menos de dúas persoas por praza, o grupo de traballo mixto poderá citar a mais candidatos para contar con dúas persoas por praza na fase de entrevista.

Non obstante, o grupo de traballo mixto poderá incrementar o seu número co fin de garantir a correcta selección dos participantes.

#### **Sétima.- VALORACIÓN FINAL.**

1. Finalizadas as referidas actividades selectivas, o grupo de traballo na correspondente sesión, procederá á súa calificación final (titular da especialidade / suplente / non seleccionado/ non presentado). Da sesión estenderase a correspondente acta de selección.

2. A relación dos admitidos e excluídos para participar no obradoiro de emprego como traballadores beneficiarios do proxecto, coa indicación das especialidades formativas ás que son adscritos será exposta nos taboleiros da entidade promotora e no da oficina de emprego na que foi realizada a sondaxe.

#### **Oitava.- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.**

Os criterios para dirimir os empates, en cada unha das fases do proceso de selección dos participantes no proxecto formativo como alumnos-traballadores, serán:

1. Teñan o menor nivel académico
2. Teñan a menor categoría profesional.

#### **Novena.- LISTA DE RESERVA.**

1. Esta lista empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade polos inicialmente seleccionados.

2. No suposto de que a lista de reserva esgotárase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa incorporación ao proxecto formativo, procederá a iniciar un novo procedemento selectivo.

#### **Décima.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS.**

1. De conformidade co previsto polo artigo 13º da orde do 4 de maio de 2018 (DOG 23-05-2018) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público.



2. O grupo de traballo mixto resolverá as incidencias e reclamacións que puideren derivarse do proceso de selección, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

Vigo, 28 de 08 de 2018

Pola entidade promotora:

Asdo.: Lourdes González Salceda

Asdo.: Pedro Firvida Diz

Pola Consellería de Economía, Emprego e Industria

Asdo.: Nuria Cruces Cerviño

Asdo.: Ana Maria Freire Rego



ANEXO I

**BAREMO SELECCIÓN ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO DIRIXIDOS A MELLORAR A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL**

CRITERIOS		PUNTOS
Discapacidade ≥ 33% (Sempre que poidan realizar os traballos)		1
Idade	De 18 ata 20 anos	0,5
	De 21 ata 22 anos	1
	De 23 ata 24 anos	2
	De 25 ata < 30 anos	3
Experiencia laboral (Segundo vida laboral actualizada)	Ningunha	3
	Ata 12 meses	2
	> 12 meses	1
Nivel de Formación Académica	Baixa (que non posúan un carne profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3, título de F.P. ) Ata graduado en ESO.	3
	Media (que posúan un carne profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2, FP ciclo medio ou Bacharelato)	2
	Alta (que posúan certificado de profesionalidade de nivel 3, título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria)	0,5

◆ De non aportar documentación non será valorado o apartado correspondente



**ANEXO I**

**BAREMO SELECCIÓN ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO DIRIXIDOS A MELLORAR A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL**

CRITERIOS			PUNTOS
Discapacidade $\geq$ 33% (Sempre que poidan realizar os traballos)		1	
Idade	De 18 ata 20 anos	0,5	
	De 21 ata 22 anos	1	
	De 23 ata 24 anos	2	
	De 25 ata < 30 anos	3	
Experiencia laboral (segundo vida laboral actualizada)	Ningunha	3	
	Ata 12 meses	2	
	> 12 meses	1	
Nivel de Formación Académica	Baixa (que non posúan un carne profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3, título de F.P. ) Ata graduado en ESO	3	
	Media (que posúan un carne profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou FP ciclo medio ou Bachelarelato)	2	
	Alta (que posúan certificado de profesionalidade de nivel 3, título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria)	0,5	

PUNTUACION TOTAL:

◆ De non aportar documentación non será valorado o apartado correspondente